



## Concello de Xinzo de Limia

### ANUNCIO CONVOCATORIA BOLSA DE CONTRATACIÓN AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO

**O Concello de Xinzo de Limia pretende constituir unha bolsa de traballo para cubrir as ausencias das auxiliares de axuda a domicilio que se poidan producir por diferentes causas, axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte as previsións do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, nas condicións que a continuación se detallan**

Nº de prazas: bolsa de contratación

Denominación da praza: Auxiliar de axuda a domicilio.

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: Constituirase unha bolsa de traballo en base a cal poderanse realizar diferentes tipos de contratación temporal segundo corresponda (contratación por substitución da persoa traballadora e temporal por circunstancias da produción) para cubrir as ausencias das auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Xinzo de Limia

**Duración: A vixencia da bolsa de contratación será dun ano. Os contratos por substitución da persoa traballadora que se celebren en base a esta bolsa de contratación finalizarán canda teña lugar a reincorporación da titular da praza. Os contratos temporais por circunstancias da produción que se poidan celebrar en base a esta bolsa de contratación terán a duración que corresponda segundo a causa que os motive.**

Funcións: as propias que se deriven da natureza da praza ofertada.

#### **Requisitos imprescindibles:**

a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser extranxeiro con residencia legal en España.

b) Posuír a capacidade funcional para ó desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.





## Concello de Xinzo de Limia

---

e) Titulación: Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria (regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio) ou equivalente a efectos laborais, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais), regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B ou superior, e dispoñibilidade de vehículo.

Instancias: En modelo oficial, que será facilitado aos interesados na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello ([www.xinzodelimia.es](http://www.xinzodelimia.es)), e que deberán presentarse no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que o anuncio de convocatoria sexa publicado no diario “La Región”, advertindo que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/20015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar e-mail ó Concello advertindo deste extremo ó correo [marta.gomez@xinzodelimia-ayto.com](mailto:marta.gomez@xinzodelimia-ayto.com) , no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no diario. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.

Proceso selectivo: Mediante a avaliación dos méritos alegados, segundo os baremos que constan no Decreto de data 15/05/2023, en virtude do cal, procédese á convocatoria da presente bolsa de contratación, que é obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Xinzo de Limia que se atopa na páxina Web do Concello ([www.xinzodelimia.es](http://www.xinzodelimia.es)).

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa.  
Elvira Lama Fernández.

